



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do convenio colectivo para o sector TRANSPORTE DE MERCADORIAS POR ESTRADA, da provincia de Lugo, asinado o día 27 de xuño de 2011, pola representación da Asociación de Transportes Discrecionales de Mercancías por Carretera (TRADIME), Asociación de Empresarios de Agencias de Carga Fraccionada, Asociación de Empresarios de Agencias de Carga Completa e das centrais sindicais CCOO (69.86 %), UGT (19.18%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

ESTA XEFATURA TERRITORIAL, ACORDA:

Primeiro: Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Xefatura, así como o seu depósito.

Segundo: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 20 de xullo de 2011.- Xefa do Servizo de Relacións Laborais, Matilde I. Alonso da Cunha

CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE MERCADORIAS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO

CAPITULO I CONDICIÓN XERAIS

ARTIGO 1º: ÁMBITO FUNCIONAL.- As disposicións do presente Convenio obrigan a tódalas empresas e traballadores da provincia de Lugo que teñan as súas actividades reguladas polo Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento.

Para maior concreción indícanse seguidamente:

Servicios regulares de mercadorías, servicios discrecionales de mercadorías, transporte de pescado, transportes frigoríficos, transportes líquidos, transportes especiais (grúas, etc.), transportes locais de mercadorías, explotación de túneles e autoestradas, garaxes, aparcamentos e servicios de lavado e engraxe, despachos auxiliares ou centrais de FFCC con vehículos automóbiles, transportes de mobles, mudanzas gardamobles, servicios de aluguer de coches con ou sen conductor, actividades de mensaxería e loxística, entendendo por esta última a que cubre a planificación, organización, xestión, supervisión e realización de actividades de transporte de mercancías na cadea de suministro, esto é, toda-las actividades empresariais que requiran títulos habilitantes de transportista ou de operador de transporte, independentemente de si as mesmas se realizan ou non a temperatura controlada.

ARTIGO 2º: ÁMBITO TERRITORIAL.- O presente Convenio será de aplicación en toda a provincia de Lugo, quedando sometidas a el tanto as empresas xa existentes como as de nova creación radicadas no ámbito territorial, ou que aínda tendo o seu domicilio social noutro lugar, teñan establecementos na provincia de Lugo, en canto ó persoal adscrito ós mesmos.

ARTIGO 3º: ÁMBITO TEMPORAL.- O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2011, finalizando o día 31 de decembro do ano 2013.

ARTIGO 4º : DENUNCIA.- Ao extinguirse o período de aplicación e vixencia do presente Convenio, este considerárase expresamente denunciado, sen necesidade de efectuar ningún trámite, manténdose a vixencia dos seus contidos normativos ata a firma de outro que os substitúa.

ARTIGO 5º: INTERPRETACIÓN DO CONVENIO.- Para a interpretación do contido deste Convenio, vixiar o seu cumprimento e, en xeral, para atender a aquelas cuestións que poidan derivarse da aplicación do mesmo, creárase unha comisión mixta paritaria formada, dunha banda, por dous representantes de cada unha das Asociacións Patronais asinantes do Convenio e, doutra banda, por catro representantes da central sindical CC.OO. e dous representantes da central sindical UGT.

Aos efectos de notificación e remisión de consultas, fíxase como domicilio da Comisión Mixta Paritaria o seguinte: Praza Santo Domingo, nº. 6-8, 2ª planta, Lugo.

En todo caso, as consultas efectuadas á Comisión Mixta Paritaria responderáanse por escrito, levantándose acta dos acordos correspondentes.

No caso de desacordo, as partes someteranse á arbitrase do Servicio de Mediación, Arbitraje e Conciliación, sen perxuízo das competencias que correspondan á xurisdicción laboral.

ARTIGO 6º: VINCULACIÓN Á TOTALIDADE.- As condicións aquí pactadas forman un todo orgánico e indivisible e, a efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas globalmente.

No caso de nulidade parcial por modificación de calquera das condicións, quedará na súa totalidade sen eficacia práctica, debendo negociarse todo o seu contido. Non obstante o anterior, en tanto en canto non se renegocie o contido do Convenio, se aplicará éste provisionalmente, comprometéndose as partes asinantes a iniciar a renegociación do Convenio nun prazo máximo dun mes a contar dende a declaración de nulidade parcial.

ARTIGO 7º: LEXISLACIÓN SUPLETORIA.- En todo o non recollido no presente Convenio estarase ao que determine o Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento [o I Acordo Xeral, publicado no BOE de 29 de Xaneiro de 1998, ata a entrada en vigor do II Acordo Xeral conforme ao disposto no seu artigo 5], o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Igualdade, a normativa de prevención de riscos e demais lexislación vixente.

ARTIGO 8º: CONDICIÓ N MÁIS BENEFICIOSA.- Respetará nse as situacións persoais que en cómputo anual excedan destas normas. Toda vez que as melloras que se implantan en virtude deste convenio teñen carácter de mínimas estimadas no seu conxunto, subsistirán os pactos, cláusulas e situacións de feito implantadas polas empresas que signifiquen condicións máis beneficiosas para os traballadores.

CAPITULO II XORNADA, VACACIÓ NS E DESCANSOS

ARTIGO 9º: XORNADA.- A xornada laboral será de 1.816 horas en cómputo anual, sendo de aplicación ao respecto o Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e o Real Decreto 1561/1995.

En todo caso a xornada de traballo e o réxime de descanso dos traballadores móviles se axustarán ao disposto no Regulamento CE 561/2006 e no Real Decreto 1561/1995 ou normativa que os substitúa.

ARTIGO 10º: VACACIÓ NS.- O persoal afectado polo presente Convenio Colectivo disfrutará de 30 días naturais de vacacións, dentro do ano natural, sen distinción de antigüidade ou categoría profesional, e de acordo coa normativa laboral vixente. O disfrute do período de vacacións non poderá iniciarse en día correspondente a descanso semanal ou día festivo.

Para os traballadores que ingresen ou rematen o seu contrato no transcurso do ano, prorratearanse os días de vacacións en función do tempo de prestación de servicios.

As empresas e os representantes legais dos traballadores/as, en ausencia destes os propios traballadores, procurarán pactar un calendario de vacacións nos tres primeiros meses do ano. En todo caso os traballadores terán dereito a coñecer as datas das súas vacacións a lo menos con dous meses de antelación ao comenzo do seu disfrute.

No caso de fraccionamento do disfrute de vacacións, a lo menos 15 días se disfrutará n preferentemente de xuño a setembro ambos incluídos. Para as vacacións que se fixen a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo estes 15 días se disfrutará n ininterrompidamente.

ARTIGO 11º: PERMISOS.- Independentemente dos xa establecidos no Estatuto dos Traballadores, e que se relacionan a continuación, para todo o persoal afectado polo presente Convenio Colectivo, establécense dous días non laborables, retribuídos e non recuperables dentro da xornada de 1816 horas.

Conforme o disposto no Estatuto dos Traballadores, o traballador, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais no caso de matrimonio.
- b) Tres días nos casos de nacemento de fillo ou adopción ou acollemento e por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario do cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos. Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento ó efecto, o prazo será de cinco días.
- A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos casos de licencia por hospitalización previstos no presente apartado, o traballador poderá facer uso da licencia en calquera momento mentres dure a hospitalización, ben disfrutando dos días de licencia de xeito continuado, ben disfrutando dos días de licencia de xeito partido.
- c) Dous días nos casos de falecemento, accidentes ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrgica sen hospitalización que precise reposo domiciliario de parentes ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento ó efecto, o prazo será de catro días.
- d) Un día por traslado do domicilio habitual.
- e) Polo tempo indispensable para concurrir a exames directamente relacionados co traballo desempeñado polo traballador na empresa.
- f) Polo tempo indispensable para acompañamento a consulta de facultativo da Seguridade Social de fillos menores de 16 anos que estén a cargo exclusivamente do traballador.
- g) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ó que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do vinte por cento das horas laborais nun período de tres meses, poderá a empresa pasar ó traballador afectado á situación de excedencia.

No suposto no que o traballador, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe da mesma do salario a que tivera dereito na empresa.

e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

ARTIGO 12º: HORAS EXTRAORDINARIAS.- Tendo en conta a existencia dun grande número de traballadores en paro, tenderase á eliminación das horas extras durante a vixencia do presente Convenio. En calquera caso, as empresas terán que respetar escrupulosamente os topes legais existentes.

ARTIGO 13º: TRABALLO EN DÍAS FESTIVOS.- Cando excepcionalmente e por razóns técnicas ou organizativas non podan disfrutarse as festas laborais aprobadas para cada ano, o traballador, de mutuo acordo ca empresa, poderá optar entre disfrutar dun descanso compensatorio de día e medio por cada día festivo completo traballado dentro do mes seguinte á festa non disfrutada ou cobrar un plus de traballo en festivos na seguinte contía:

2011: 49,40 euros por cada festivo traballado.

2012: O resultado de aplicar ao plus de traballo en festivos establecido para o ano 2011 o incremento salarial previsto no Artigo 14 do presente Convenio para o ano 2012.

2013: O resultado de aplicar ao plus de traballo en festivos establecido para o ano 2012 o incremento salarial previsto no Artigo 14 do presente Convenio para o ano 2013.

CAPITULO III RETRIBUCIÓN

ARTIGO 14º: SALARIO DE CONVENIO.-

1.- Incremento salarial:

A).- O salario de Convenio, para cada unha das categorías profesionais, será para o ano 2011 o que se establece na correspondente columna do Anexo I do presente Convenio, resultado de aplicar, sobre as táboas

salariais revisadas do ano 2010, incremento do 2,5%. Dito salario se aplicará con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011 e servirá de base ou módulo para o cálculo de tódolos complementos presonais de posto de traballo, de cantidade e de calidade. Con independencia desta retribución, establécese un salario mínimo de 784,80 euros mensuais, sexa cal sexa a categoría profesional de que se trate.

B).- O salario de Convenio, para cada unha das categorías profesionais, será para o ano 2012 o resultado de aplicar, sobre o salario de Convenio de 2011, no seu caso revisado, o incremento consistente no 1,5%, reuníndose a tales efectos a Comisión Negociadora do Convenio tan pronto como se constate o IPC real do ano 2011 para a confección, firma e posterior publicación das táboas de salarios correspondentes ao ano 2012.

C).- O salario de Convenio, para cada unha das categorías profesionais, será para o ano 2013 o resultado de aplicar, sobre o salario de Convenio de 2012, no seu caso revisado, o incremento consistente no 1,5%, reuníndose a tales efectos a Comisión Negociadora do Convenio tan pronto como se constate o IPC real do ano 2012 para a confección, firma e posterior publicación das táboas de salarios correspondentes ao ano 2013.

2.- Cláusula de revisión salarial:

A).- Para o ano 2011 establécese unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2011 rexistrase incremento superior ao 2,5%. Neste caso efectuarase unha revisión salarial no exceso da cifra indicada, que terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011, servindo de base para aplicar o incremento do ano 2012.

B).- Para o ano 2012 establécese unha cláusula de revisión salarial de xeito que se garanten 0,25 puntos por enriba do IPC real estatal a 31 de decembro de 2012. Dita revisión salarial terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2012, servindo de base para aplicar o incremento do ano 2013.

C).- Para o ano 2013 establécese unha cláusula de revisión salarial de xeito que se garanten 0,50 puntos por enriba do IPC real estatal a 31 de decembro de 2013. Dita revisión salarial terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013, servindo de base para aplicar o incremento do ano 2014.

ARTIGO 15º: ATRASOS DE CONVENIO.- Os atrasos que resulten da aplicación do presente Convenio faranse efectivos aos traballadores nun prazo máximo de tres meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

ARTIGO 16º: PLUS DE CONVENIO.- Establécese para todo o persoal no ano 2011 un plus de 111,68 euros mensuais, cotizable á Seguridade Social.

O plus de convenio para o ano 2012 será o resultado de aplicar ao plus de convenio do ano 2011 o mesmo incremento pactado para o 2012 para o salario de convenio.

O plus de convenio para o ano 2013 será o resultado de aplicar ao plus de convenio do 2012 o mesmo incremento pactado para o 2013 para o salario de convenio.

ARTIGO 17º: ANTIGÜIDADE.- Para todo o persoal afectado polo presente Convenio establécense as percepcións que seguidamente se relacionan polo concepto de antigüidade con carácter de máximas:

- 2 anos, 9,02 euros mensuais
- 4 anos, 18,03 euros mensuais
- 9 anos, 36,06 euros mensuais
- 14 anos, 54,09 euros mensuais
- 19 anos, 72,12 euros mensuais
- 24 anos, 90,15 euros mensuais
- 29 anos, 108,18 euros mensuais

O disposto anteriormente enténdese sen prexuízo dos dereitos adquiridos respecto a cantidades xa consolidadas e que veñen percibindo actualmente os traballadores.

ARTIGO 18º: PAGAS EXTRA.- As pagas serán tres: Nadal, xullo e beneficios, pagadeira esta última no mes de marzo. O importe destas pagas será, cada unha delas, igual ao salario base de 30 días establecido no convenio máis antigüidade e o seu devengo será anual.

Aos efectos do devengo das pagas extra, establécense os seguintes períodos:

Paga extra de Xullo: dende o 1 de xullo ao 30 de xuño.

Paga extra de Nadal: dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

Paga extra de Beneficios: dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

ARTIGO 19º: COMPLEMENTO PERSOAL DE IDIOMAS.- Para todo aquel persoal incluído no ámbito deste Convenio que para o desempeño do seu traballo faga uso dalgún idioma estranxeiro, establécense un complemento persoal de 117,62 euros mensuais para cada idioma empregado para o ano 2011.

O plus de idiomas para o ano 2012 será o resultado de aplicar ao plus de idiomas do 2011 o mesmo incremento pactado para o 2012 para o salario de convenio.

O plus de idiomas para o ano 2013 será o resultado de aplicar ao plus de idiomas do 2012 o mesmo incremento pactado para o 2013 para o salario de convenio.

Para o recoñecemento deste complemento requirirase o uso utilitario do idioma cun nivel adecuado para o entendemento básico nun nivel de conversación comercial.

Para a determinación da aptitude necesaria e do dereito á percepción deste complemento polos traballadores afectados a comisión mixta paritaria do convenio establecerá anualmente un mínimo dunha convocatoria de probas que se levará adiante coa concorrencia de técnicos titulados nos idiomas correspondentes, que serán os que determinarán o contido das probas a efectuar e valorarán as condicións dos concorrentes ás probas, sen menoscabo da súa ratificación polos representantes que integran a comisión mixta paritaria do Convenio.

ARTIGO 20º: PLUS DE PERIGOSIDADE.- Para os traballadores ao servizo da empresa á entrada en vigor do Convenio de transporte de mercadorías por estrada do ano 1993 e que manipulen ou transporten habitualmente mercadorías explosivas, inflamables ou tóxicas, establécese un plus de perigosidade na contía de 240,40 euros.

Para os traballadores que se contratasen a partires da entrada en vigor dese Convenio e que realicen as tarefas indicadas no apartado anterior, establécese un plus de 240,40 euros no caso de que se contraten por tempo inferior a un ano. Se a contratación é por tempo superior a un ano ou indefinida, a contía do referido plus é de 145,77 euros.

ARTIGO 21º: PLUS DE TRABAJO EN PLATAFORMAS LOXÍSTICAS CON CÁMARAS DE FRÍO.- Tódolos traballadores que realicen o seu traballo de xeito habitual, continuo ou discontinuo, en plataformas loxísticas con cámaras de conxelación, soportando temperaturas da banda de conxelación -18°C ou inferiores, percibirán no ano 2011, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, un plus de penosidade de 75 euros mensuais.

Para os seguintes anos de vixencia do presente Convenio -2012 e 2013- dito plus se actualizará aplicando a mesma porcentaxe que a pactada no artigo 14 como incremento salarial para cada ano.

Entenderase devengado o plus de penosidade aínda cando a temperatura da banda de -18°C establecida para o almacenamento de produtos conxelados teña oscilacións producidas por manutención ou apertura de portas motivada pola entrada ou saída de mercadorías e cando, ademais, o traballador da plataforma loxística estibe ou cargue manualmente os produtos conxelados dende a cámara de conxelación ao vehículo.

Tódolos traballadores que realicen a seu traballo de xeito habitual, continuo ou discontinuo, en plataformas loxísticas con cámaras de conxelación en circunstancias de traballo en plataforma a temperatura de 0°C a 14°C percibirán no ano 2011, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, un plus de refrixerado de 25 euros mensuais.

Para os seguintes anos de vixencia do presente Convenio -2012 e 2013- dito plus se actualizará aplicando a mesma porcentaxe que a pactada no artigo 14 como incremento salarial para cada ano.

En todo caso non haberá lugar ao percibo ou cobro simultáneo dos dous pluses previstos no presente artigo, isto é, se devengará un ou o outro, dependendo do posto de traballo e a exposición habitual ás circunstancias de traballo que determinan o cobro dun o de outro plus, pero non os dous simultaneamente.

Pola súa natureza, os pluses previstos no presente artigo deixarán de aboarse en tódolos casos cando desaparezan as circunstancias causantes e se dote aos traballadores das medidas de protección individual ou colectivas que eviten o risco, ou cando deixe de traballarse nesas condicións. Entenderase como medidas que eviten o risco as que supoñan que o traballador non sufra as baixas temperaturas da cámara, como é o caso de cabinas climatizadas en carretillas, sen que a mera entrega de roupa de abrigo poida ser considerada como medida de protección suficiente.

As cuantías previstas no presente artigo poderán ser obxecto de compensación e absorción con outros conceptos que viñera cobrando o traballador en función da penosidade do traballo polas baixas temperaturas das cámaras e que estean reflexados na nómina do traballador como plus de frío ou calquera outro de simliar natureza.

En canto ao tempo de permanencia nas cámaras de conxelación, será de aplicación en todo caso o establecido no Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro.

ARTIGO 22º: PLUS DE QUEBRANTO DE MOEDA

Aqueles traballadores que fagan cobros ou recaudación por conta da empresa, responsabilizándose do resultado de tales operacións, percibirán un plus de quebranto de moeda para o ano 2011 de 21,96 euros mensuais.

O plus de quebranto de moeda para o ano 2012 será o resultado de aplicar ao plus de quebranto de moeda do 2011 o mesmo incremento pactado para o 2012 para o salario de convenio.

O plus de quebranto de moeda para o ano 2013 será o resultado de aplicar ao plus de quebranto de moeda do 2012 o mesmo incremento pactado para o 2013 para o salario de convenio.

ARTIGO 23º: AXUDAS DE CUSTO.- A contía das axudas de custo queda establecida a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nas cantidades que seguidamente se relacionan:

- Destacamento, 38,17 euros
- España e Portugal, 44,20 euros
- Resto de Europa, 54,90 euros

A dieta de destacamento entrará en vigor cando o traballador leve, como mínimo, 15 días de permanencia na mesma praza.

A partires do 1 de xaneiro de 2012 a contía das dietas será o resultado de aplicar ás contías anteriores o incremento previsto para o ano 2012 no Artigo 14 sen que a revisión salarial teña efectos retroactivos.

A partires do 1 de xaneiro de 2013 a contía das dietas será o resultado de aplicar ás contías vixentes no 2012 o incremento previsto para o ano 2013 no Artigo 14 sen que a revisión salarial teña efectos retroactivos.

Os traballadores sen dereito ao cobro de axuda de custo completa que teñan que xantar fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que cheguen á praza do seu centro de traballo ou domicilio despois das 15:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo polo xantar no importe de 9,66 euros.

Os traballadores sen dereito ó cobro de axuda de custo completa que teñan que cear fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que cheguen á praza do seu centro de traballo ou domicilio despois das 22:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo pola cea no importe de 9,66 euros.

Os traballadores sen dereito ó cobro de axuda de custo completa que teñan que almorzar fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que saian da praza do seu centro de traballo ou domicilio antes das 7:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo por almorzo no importe de 3,22 euros.

ARTIGO 24º: CLÁUSULA DE INAPLICACIÓN SALARIAL.- Cando unha empresa das incluídas no ámbito de aplicación deste Convenio pretenda a inaplicación do nivel retributivo establecido no mesmo, deberá proceder do seguinte xeito:

1.- A empresa interesada na inaplicación deberá instala remitindo á Comisión Paritaria do Convenio escrito polo que comunique a súa intención de acollerse ó presente Artigo e a causa ou causas que invoque para iso, debendo así mesmo remitir á Comisión Paritaria, nos 30 días seguintes a tal comunicación, a documentación que acredite a causa ou causas invocadas, documentación entre a que figurará necesariamente a presentada pola empresa con carácter obrigatorio ante o Ministerio de Facenda, Rexistro Mercantil e outros Organismos Oficiais referida ó último exercicio.

2.- A Comisión Paritaria terá un termo dun mes, dende a presentación da documentación a que se fai referencia no punto anterior, para resolver. Dentro deste termo dun mes, se escoitarase a representación dos traballadores da empresa solicitante así como ós representantes da propia empresa solicitante ante os sindicatos e organizacións empresariais partícipes da Mesa Negociadora.

3.- Será requisitos necesarios para obte-la inaplicación do nivel retributivo do convenio estar ó día no abono do mesmo ata a data de resolución da Comisión Paritaria., salvo nos casos nos que a Comisión Paritaria estime oportuno o incumprimento deste requisito.

4.- Así mesmo a empresa debe dar conta da situación de inestabilidade no exercicio anterior e demostrar que, no caso de aplica-lo réxime salarial pactado no convenio, tería que proceder a medidas de extinción ou suspensión de contratos.

5.-No caso de estimar fundada a solicitude, a Comisión Paritaria establecerá o nivel retributivo a aplicar na empresa afectada, que en ningún caso debe afectar á estrutura establecida para o salario deste convenio.

6.- En todo caso, o beneficio de inaplicación só se entende ata o remate do período de vixencia establecido para o nivel retributivo vixente no momento da solicitude ou, no seu caso, para o prazo que estimase a Comisión Paritaria.

7.- A Comisión Paritaria estenderá copia fidedigna da súa resolución remitindo exemplares da mesma á representación da empresa, ós traballadores da mesma e ós sindicatos e organizacións empresariais que participaron no proceso. Tamén a remitirá á autoridade laboral, a efectos de rexistro, depósito e publicación.

CAPÍTULO IV ACCIÓN SOCIAL

ARTIGO 25º: INCAPACIDADE TEMPORAL DERIVADA DE ACCIDENTE DE TRABAJO E INCAPACIDADE TEMPORAL CON HOSPITALIZACION.- As empresa, no caso de Incapacidade Temporal, completarán a prestación económica da Seguridade Social ata o 100% do salario regulador nos seguintes supostos:

1. Incapacidade Temporal derivada de accidente de traballo: mentras dure a situación de I.T.
2. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral que motive hospitalización: polo período de duración da hospitalización.
3. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral tras intervención quirúrxica ou postoperatorio: por un período máximo de 15 días a contar dende a intervención.
4. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral: a partires do día 20 da baixa e durante un período máximo de 3 meses. O complemento, neste caso, só podrá percibirse unha vez ó ano.

Cando, a xuízo da empresa, existan indicios razoables para presumir algunha irregularidade, poderá requerir ó traballador para que se someta a recoñecemento do facultativo que a empresa designe, sendo a cargo desta os gastos que se orixinen por tal motivo.

ARTIGO 26º: SEGURO DE INVALIDEZ OU MORTE.- As empresas comprendidas no ámbito de aplicación deste Convenio contratarán, no prazo máximo de 30 días a partir da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo deste texto articulado, unha póliza de seguros con primas íntegras ó seu cargo, para tódolos traballadores, que cubrirán os riscos de morte e invalidez permanente (graos de total, absoluta e grande invalidez) derivados de accidente de traballo, incluído "in itinere".

As contías serán as seguintes:

- Morte do traballador, 39.000 euros
- Invalidez permanente, 39.000 euros

No caso de falecemento do traballador, cobrará o seguro a persoa que designe o traballador no seu testamento ou, de non existir este, os seus herdeiros legais.

Queda en todo caso excluída a aplicación do disposto nos parágrafos anteriores para os supostos riscos consecuencia da comisión de delitos dolosos, riscos provocados intencionadamente polo asegurado ou beneficiario da póliza e riscos consecuencia de accidentes sufridos polo asegurado que en encontre en estado de embriaguez ou baixo os efectos de drogas tóxicas, estupefacientes ou psicotrópicos.

ARTIGO 27º: PREMIO DE CONSTANCIA.- Os traballadores que, con 10 anos como mínimo de antigüidade na empresa, decidan voluntariamente xubilarse anticipadamente e sempre e cando exista acordo previo entre o traballador e a empresa, terán dereito ó disfrute de vacacións retribuídas na duración que seguidamente se relaciona:

- Aos 60 anos de idade, 10 mensualidades
- Aos 61 anos de idade, 9 mensualidades
- Aos 62 anos de idade, 7 mensualidades
- Aos 63 anos de idade, 6 mensualidades
- Aos 64 anos de idade, 4 mensualidades

A solicitude de xubilación anticipada deberá efectual a traballador ca suficiente antelación.

Ao cumprir os 65 anos de idade, a xubilación será obrigatoria para o traballador, sempre e cando reúna o período de carencia necesario para acceder á correspondente prestación.

ARTIGO 28º: XUBILACIÓN PARCIAL.- As empresas e os traballadores poderán pactar, previa a existencia de común acordo por ambas partes, xubilacións parciais conforme ó disposto no artigo 166.2º da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6º do Estatuto dos Traballadores, debendo as empresas substituír a xornada reducida simultaneamente á xubilación parcial por outros traballadores contratados nas condicións previstas na

normativa de aplicación.

Non obstante o anterior, recoñécese aos traballadores o dereito a pasar a situación de xubilación parcial ca redución máxima da xornada que a normativa permita en cada momento. Neste caso, o tanto por cento da xornada que subsista para o traballador parcialmente xubilado poderá acumularse en xornadas completas nos meses inmediatamente posteriores ó acceso á xubilación parcial ou na forma na que pacten as partes.

Exclúense do disposto no parágrafo anterior aqueles traballadores que ocupen postos de traballo que impliquen unha relación de especial confianza co empresario, tal é o caso das xefaturas, encargado, xerente, etc., cuido acceso á xubilación parcial requirirá en todo caso o común acordo entre empresa e traballador.

En todo caso o traballador interesado na xubilación parcial haberá de comunicalo á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data na que pretenda xubilarse parcialmente.

CAPITULO V CONTRATACIÓN

ARTIGO 29º: COMPROMISO DE EMPREGO ESTABLE.- Co fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, as partes asinantes acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de tres traballadores do 45% do cadro de persoal total.

Aos efectos do cálculo do cadro de persoal fixo das empresas, tomaráse en conta a media dos últimos 24 meses.

Exceptúanse do previsto neste artigo as empresas de nova creación e as empresa que, durante a vixencia do Convenio, incrementen o seu cadro de persoal total de xeito significativo, entendéndose que ten lugar incremento significativo cando incrementen o número de traballadores da empresa a lo menos nun 30%.

As empresas ás que se fai referencia no parágrafo anterior, disporán dun período de carencia de dous anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo de xeito que, ó cumprirse tres anos, ben dende a creación da empresa, ben dende o incremento significativo do emprego, ditas empresas haberán de cumprir o establecido no presente artigo tomándose como referencia a media do cadro de persoal fixo dos últimos 12 meses.

ARTIGO 30º: MODALIDADES DE CONTRATACIÓN

Contrato en prácticas.- O contrato de traballo en prácticas, que poderá celebrarse con traballadores en posesión de titulación universitaria ou formación profesional de grado medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, terá por finalidade facilitar a práctica profesional dos traballadores para perfeccionar os seus coñecementos e adaptalos ó nivel de estudos cursados.

Dito contrato non poderá ter unha duración inferior a seis meses nin exceder de dous anos.

Contrato para a formación.- O contrato de traballo para a formación, que poderá celebrarse con traballadores con idade superior ós 16 anos e inferior ós 21 anos, salvo as excepcións previstas na lexislación, terá por finalidade a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desempeño axeitado dun oficio ou posto de traballo cualificado.

Dito contrato non poderá ter unha duración inferior a seis meses nin exceder de dous anos e necesariamente o tempo adicado a formación teórica non poderá ser inferior ó 15% da xornada máxima.

Contrato de relevo.- O contrato de traballo de relevo, que poderá celebrarse con traballadores desempregados o que tiveran concertado ca empresa un contrato de duración determinada, se concertará para substituír a xornada de traballo deixada vacante polo traballador que se xubila parcialmente.

A duración do contrato, no caso de xubilación parcial antes dos 65 anos, terá que ser indefinida ou como mínimo polo tempo que falte ó traballador substituído para alcanzar a idade de 65 anos. No caso de xubilación parcial despois de cumprir os 65 anos, a duración do contrato terá que ser indefinida ou anual.

Contrato de duración determinada regulado no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.- Estes contratos poderán celebrarse cunha duración máxima de doce meses nun período de dezaioito meses.

CAPITULO VI DEREITOS SINDICAIS

ARTIGO 31º: DEREITOS SINDICAIS.- As empresas poderán deducir, a través das nóminas, as cotas correspondentes ós afiliados ás centrais sindicais que corresponda. Os interesados deberán solicitalo por escrito

á dirección da empresa. Os importes retidos serán entregados á persoa ou entidade que designe a central sindical correspondente.

ARTIGO 32º: GARANTÍAS SINDICAIS.-

Membros de Comités de Empresa ou Delegados de Persoal

Ningún membro do Comité de Empresa ou Delegado de Persoal poderá ser despedido ou sancionado durante o exercicio das súas funcións nin dentro do ano seguinte, no seu caso, do remate do seu mandato, salvo que esta se produza por revocación ou dimisión, e sempre que o despedimento ou sanción se basee na actuación do traballador no exercicio legal da súa representación.

Se o despedimento ou calquera outra sanción por supostas faltas graves ou moi graves obedeceran a outra causa, deberá tramitarse expediente contradictorio no que serán oídos, aparte do interesado, o Comité de Empresa ou Delegado Sindical, no suposto de que estea recoñecido como tal na empresa.

Os membros de Comités de Empresa ou Delegados de Persoal non poderán ser discriminados na súa promoción económica ou profesional por causa ou razón do desempeño da súa representación.

Os representantes legais dos traballadores poderán exercer a liberdade de expresión no interior da empresa nas materias propias da súa representación, podendo publicar ou distribuír, sen perturba-lo normal desenvolvemento do proceso productivo, aquelas publicacións de interese laboral ou social, comunicando todo iso previamente á empresa, exercendo tales tarefas de acordo coa normativa legal vixente ó efecto.

Os membros de Comités de Empresa ou Delegados de Persoal disporán do crédito de horas mensuais retribuídas que a lei determine.

Sen rebasa-lo máximo legal, poderán ser consumidas horas retribuídas de que dispoñen os membros de Comités de Empresa ou Delegados de Persoal, co fin de preve-la asistencia a cursos de formación organizados polos sindicatos.

Delegados de Prevención

Os Delegados de Prevención, en tanto que representantes legais dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo, haberán de ser provistos pola empresa da formación que precisen para realizar a súas funcións, tendo a consideración de tempo efectivo de traballo, sen imputación ó crédito horario que lles corresponda en tanto que representantes dos traballadores, o tempo adicado a esta formación.

Igualmente terá a consideración de tempo efectivo de traballo, sen imputación ó citado crédito horario, o adicado a acompañamento de técnicos na avaliación de carácter preventivo; o acompañamento a inspectores de traballo nas visitas de verificación en materia de prevención; o tempo no que o empresario informe ó Delegado dos danos producidos na saúde dos traballadores; as reunións do comité de seguridade e saúde; e as reunións convocadas polo empresario en materia de prevención de riscos laborais.

ARTIGO 33º: TABOIRO DE ANUNCIOS.- Tódalas empresas afectadas por este Convenio facilitarán ós traballadores un taboleiro de anuncios. A utilización do mesmo estará circunscrita a temas de carácter laboral ou sindical, entendidos amplamente. O taboleiro de anuncios poderá ser empregado tamén polas empresas para a inclusión de calquera anuncio ou comunicación que consideren de interese.

CAPÍTULO VII DISPOSICIÓN VARIAS

ARTIGO 34º: IGUALDADE E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

As partes asinantes do presente Convenio consideran esencial o fomento da armonización ou conciliación da vida familiar e laboral e promover a igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. Calquera término ou referencia que figure no presente Convenio tanto en masculino como en feminino se entenderá referido a ambos xéneros.

Consecuentemente co anterior, no ámbito do presente Convenio non haberá lugar a discriminación algunha por razón de sexo, relixión, raza, etc., sendo reprimidas tales condutas de conformidade ca lexislación vixente.

Do mesmo xeito, no ámbito do presente Convenio, se velerá polo máximo respecto á dignidade do traballador, coidando especialmente que non teñan lugar condutas de acoso moral ou sexual ou vexación de calquera tipo, sendo reprimidas tales condutas de conformidade ca lexislación vixente.

Maternidade

De conformidade co establecido na lexislación, nos supostos de nacemento de fillo, adopción e acollemento, a traballadora terá dereito a un descanso de 16 semanas ininterrumpidas ampliables, no caso de nacemento, adopción ou acollemento múltiple, a 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo. Este descanso será distribuído pola interesada sempre que 6 semanas se disfruten inmediatamente despois do parto.

A suspensión por maternidade poderá ser disfrutada pola nai ou polo pai nos termos establecidos na lexislación.

Esta suspensión poderá ser disfrutada en réxime de xornada parcial previo acordo entre empresario e traballador e dará dereito ó cobro do subsidio ou prestación económica por maternidade, a abonar polo INSS nos termos legalmente previstos.

Paternidade

De conformidade co establecido na lexislación, nos supostos de nacemento de fillo, adopción ou acollemento, o traballador terá dereito a un descanso de 13 días ininterrumpidos, ampliable no caso de nacemento, adopción ou acollemento múltiple a 2 días mais por cada fillo a partires do segundo.

Esta suspensión, que é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade, poderá ser disfrutada en réxime de xornada parcial previo acordo entre empresario e traballador e dará dereito ó cobro do subsidio ou prestación económica por paternidade, a abonar polo INSS nos termos legalmente previstos.

Lactancia

As traballadoras, por lactancia dun fillo menor de 9 meses, terán dereito a unha hora de ausencia no traballo, que poderán dividir en dous fraccións. A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora ca mesma finalidade. Este permiso poderá ser disfrutado pola nai ou polo pai en caso de que ambos traballen.

De común acordo entre empresa e traballador, poderán acumularse as horas de lactancia en xornadas completas.

Excedencia por cuidado de menores e parentes

Os traballadores terán dereito a disfrutar de excedencia para o coidado de fillos, tanto o sexan por natureza como adopivos ou nos supostos de acollemento, excedencia cúa duración máxima será de 3 anos a contar dende a data de nacemento do fillo ou, no seu caso, da resolución administrativa ou xudicial. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito.

Os traballadores terán igualmente dereito a disfrutar de excedencia, cúa duración máxima será de 2 anos, para atender ó coidado dun parente ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo sempre que non desempeñe actividade retribuída.

En tales supostos o traballador terá dereito, durante o primeiro ano de excedencia, á reserva do seu posto de traballo e, durante o resto da excedencia, dereito á reserva dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, sendo todo o período de excedencia computable ós efectos de antigüidade.

As excedencias contempladas no presente apartado poderán disfrutarse de xeito fraccionado e constitúen un dereito individual dos traballadores, homes e mulleres. Non obstante, se dous o máis traballadores da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeto causante, o empresario poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

ARTIGO 35º: CARNÉ DE CONDUCIR.- Os condutores e quen, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa, por orde e conta da mesma, se lles retire o seu permiso de conducción por tempo non superior a 6 meses, serán acoplados este tempo a outro traballo, aínda que sexa de categoría profesional inferior, nalgún dos servizos de que dispoña a empresa, e seguirá percibindo o salario correspondente á súa categoría.

Os condutores cunha antigüidade mínima de a lo menos un ano na empresa a quen, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa, por orde e conta da mesa, se lles reitere o seu permiso de conducción por tempo superior a 6 meses, serán acoplados este tempo a outro traballo sempre que exista vacante na empresa que permita tal cambio e sempre que o traballador sancionado conte ca necesaria aptitude para o desempeño no posto de traballo vacante. En tal caso, o traballador percibirá o salario correspondente á categoría na que pase a prestar servizos.

No suposto do parágrafo anterior, de non existir vacante na empresa ou de non concurrir a necesaria aptitude por parte do traballador, éste poderá solicitar excedencia especial con reserva do seu posto de traballo. Durante o tempo de excedencia o traballador queda eximido da súa obriga de traballar e a empresa da súa obriga de aboar salarios e cotizar á Seguridade Social, se ben o tempo de excedencia computará na súa totalidade ós efectos de cómputo da antigüidade.

Queda en todo caso excluída a aplicación do disposto nos parágrafos anteriores para os seguintes supostos:

1. Privación debida á comisión de delitos dolosos.
2. Privación debida á ingesta de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.
3. Reincidencia, entendendo por tal que o traballador xa disfrutara con anterioridade dos beneficios previstos neste artigo (ben posto de traballo alternativo ben excedencia) nos últimos 24 meses.

Naqueles supostos nos que, operando os beneficios previstos neste artigo, o traballador teña pendente o disfrute de vacacións, as mesas se disfrutarán necesariamente durante o tempo de privación do permiso de condución.

As empresas virán obrigadas a aboar o 50% do precio dos cursos de reciclaxe/reobtención do permiso de conducir ós conductores que, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa por orde e conta da mesma, se vexan privados de tal permiso. Enténdese que a privación é a estes efectos consecuencia da condución dun vehículo da empresa cando a lo menos un 80% da perda de punto proveña de tal condución.

Que en todo caso excluída a aplicación do disposto no parágrafo anterior para os supostos de privación debida á comisión de delitos dolosos, á ingesta de bebidas alcohólicas ou estupefacientes ou no caso de reincidencia, entendendo por tal que o traballador xa disfrutara con anterioridade dos beneficios previstos no parágrafo anterior deste artigo nos últimos 24 meses.

ARTIGO 36º: MULTAS E SANCIÓN.- Os conductores estarán obrigados a entregar á empresa o boletín de denuncia que, no seu caso, se expedira, con carácter xeral cando dean conta do viaxe ou servizo e sempre co tempo necesario para que a empresa poida facer uso do dereito a recorrer a sanción.

Ós efectos de deixar constancia do cumprimento desta obriga, a empresa lle entregará ó traballador xustificante da entrega do boletín.

ARTIGO 37º: FORMACIÓN PROFESIONAL.-

Comisión Paritaria Provincial

As partes signatarias acordan constituír unha Comisión Paritaria Provincial Sectorial de Formación Profesional, integrada por dous representantes de CC.OO., un representante de UGT e un número de representantes das Asociacións asimesmo asinantes igual ao total das centrais sindicais.

Serán funcións desta Comisión:

- Requirir das Administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta Comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con financiamento oficial que afecten ó sector de Transportes, co fin de colaborar tanto nos que estean en marcha , como nos que poidan programar en diante.
- Elaborar estudos sobre necesidades e requirimentos de formación profesional no sector para chegar a definir a organización e programación da mesma, tanto ocupacional como regulamentada (observatorio ocupacional).
- Elaborar planos formativos necesarios para conseguir a homologación das cualificacións profesionais dos traballadores técnicos, administrativos e manuais, cos seus equivalentes na Comunidade Económica Europea, con vistas á entrada en vigor do Mercado Único.
- Cantas outras funcións a Comisión se atribúa, orientadas ó desenvolvemento e mellora da Formación Profesional no sector na provincia de Lugo.

Formación continua obligatoria

A asistencia a cursos de formación continua obligatoria no ámbito do transporte de mercaderías por estrada, dirixidos a manter actualizados o coñecementos inicialmente exixidos, computará como tempo de traballo efectivo.

Ós efectos anteriores, enténdese por cursos obligatorios os impostos pola autoridade competente sen cuia superación non cabe desenvolver o traballo para o que o traballador fora contratado e para o que inicialmente estaba cualificado.

Promoción profesional

Os traballadores terán dereito a disfrutar dos permisos non retribuídos necesarios para concurrir a exames para a obtención de títulos académicos ou profesionais.

ARTIGO 38º: ROUPA DE TRABALLO.- Tódolos traballadores terán dereito a que as empresas lles provean da roupa de traballo e calzado de seguridade que resulte necesario en función do traballo a desenvolver.

ARTIGO 39º.- SAÚDE LABORAL.- De conformidade co disposto na Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

En cumprimento da obriga de protección, a empresa ten que garantir a seguridade e saúde dos traballadores ó seus servizo en todos os aspectos relacionados co traballo, estando obrigada a garantir a información e formación práctica e axeitada nestas materias a todos os traballadores.

Igualmente no cumprimento do deber de protección, a empresa ten que establecer un Plan de prevención no que se recolla a planificación da actividade preventiva e proporcionar unha protección e vixilancia axeitada da saúde dos traballadores.

Protección da muller embarazada

A avaliación de riscos terá que comprender a natureza, grado e duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan incidir negativamente na saúde das traballadoras ou do feto. Se os resultados da avaliación revelaran un risco para a seguridade da saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo das traballadoras ou a lactancia, o empresario adoptará as medidas necesarias para evitar o risco a medio dunha adaptación das condicións de traballo da traballadora afectada. Se isto non fose suficiente, o empresario, previa consulta cos representantes legais dos traballadores, ofertará á traballadora un posto de traballo ou unha función diferente acordo co seu estado.

Capacidade diminuída

Aqueles traballadores ós que lles sexa recoñecida unha incapacidade permanente total terán preferencia para ocupar vacantes que se produzan na empresa en postos acordes a súa capacidade, sempre que conten coa aptitude ou idoneidade necesarias para o novo posto. Exclúense deste suposto as vacantes que teñan lugar en postos de traballo que impliquen unha relación de especial confianza co empresario, tal é o caso de xefaturas, encargado, xerente, etc.

En tales casos o traballador pasará a ocupar a categoría profesional que corresponda ás novas funcións e tarefas a realizar, percibindo a retribución correspondente a dita categoría.

Comisión de Saúde Laboral

Créase no ámbito do presente Convenio a Comisión Provincial Sectorial de Saúde Laboral de Transporte de Mercadorías por Estrada, que terá carácter técnico-consultivo e que, no caso de decisión unánime dos seus membros, poderá chegar a acordos en materia de saúde laboral e prevención de riscos.

A Comisión á que se refire o presente Artigo terá carácter paritario e estará composta por seis membros da parte patronal, dous por cada Asociación asinante do Convenio, catro membros da central sindical CC.OO. e dous membros da central sindical UGT.

A Comisión reunirse cando o solicite calquera das entidades asinantes e, con carácter fixo, unha vez ó ano.

Ás reunións da Comisión poderán asistir, con voz pero sen voto, asesores das entidades asinantes.

ARTIGO 40º.- CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.- O persoal que preste os seus servizos nas empresas incluídas no ámbito de aplicación do presente Convenio se clasificarán conforme aos Grupos Profesionais e Categorías relacionadas no Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento.

A efectos meramente enunciativos, se relacionan a continuación as categorías profesionais con maior presenza nas plantillas das empresas, con expresión, con carácter indicativo, das súas funcións e cometidos:

PERSOAL ADMINISTRATIVO

Xefe de Negociado.- É o que, o fronte dun grupo de empregados e dependendo ou non dun Xefe de Sección, dirixe a labor do seu Negociado, sen perxuízo da súa participación persoal no traballo, respondendo da correcta execución dos traballos del persoal a súa ordes. Quedan clasificados nesta categoría profesional os Analistas de Sistemas Informáticos.

Oficial de Primeira.- É o empregado que, baixo súa propia responsabilidade, realiza ca máxima perfección burocrática traballos que requiren plena iniciativa, entre eles as xestións de carácter comercial, tanto na empresa como en visitas a clientes e organismos e os de xestión de tráfico hasta 15 vehículos. Nos centros de traballo cuxo número de empregados administrativos non exceda de sete, pode actuar de responsable dos mesmos. Quedan incluídos nesta categoría aqueles cuxo principal cometido sexa o de realizar traballos de programación informática.

Oficial de Segunda.- Pertencen a esa categoría aqueles que subordinados, no seu caso, o responsable da oficina e con adecuados coñecementos teóricos e prácticos, realizan normalmente ca debida perfección e correspondente responsabilidade os traballos que se lles encomendan, incluídos os de carácter comercial tanto na empresa como en visitas a clientes e organismos, así como funcións de xestión do departamento de tráfico. Nos centros de traballo de hasta tres empregados administrativos poden asumir a xefatura dos mesmos. Inclúense nesta categoría profesional os traballadores cuxo principal cometido sexa o de operador de sistemas.

Auxiliar.- É o empregado que, con coñecementos de carácter burocrático, baixo as ordes dos seus superiores, executa traballos que non revistan especial complexidade.

TRANSPORTE DE MERCADORIAS

Xefe de Tráfico de Primeira.- É o que ten o seu cargo dirixir a prestación dos servizos dun grupo de mais de cincuenta vehículos da empresa ou contratados por ela, distribuindo o persoal e o material e as entradas e saídas do mesmo, así como elaborar as estadísticas de tráfico, recorridos e consumo. Tanto o persoal desta categoría como o Encargado Xeral de Operadores de Transporte poden asumir, a elección da empresa, a xefatura dos centros de traballo no que non exista Director o Delegado de Sucursal.

Xefe de Tráfico de Segunda.- É o que, cas mesmas atribucións e responsabilidades que o anterior, dirixe a prestación de servizos dun grupo de entre 16 e 50 vehículos da Empresa ou contratados por ela, se non hai Xefe de Tráfico de superior categoría; no caso contrario actuará como subordinado o Xefe de Tráfico de Primeira, independentemente do número de vehículos, coincidindo con él ou o fronte dalgún turno de traballo.

Conductor mecánico.- É o empregado que, estando en posesión do permiso de condución da clase "C + E", se contrata ca obrigación de conducir calquera vehículo da empresa, con remolque, semirremolque o sen eles, a tenor das necesidades de ésta, axudando si se lle indica as reparacións do mesmo, sendo o responsable do vehículo e a do carga durante o servizo, estando obrigado a cumprimentar, cando proceda, a documentación do vehículo e a do transporte realizado e a dirixir, si se lle esixirá, a carga da mercadoría. Lle corresponde realizar as labores necesarias para o correcto funcionamento, conservación e acondicionamento do vehículo, así como as que resulten precisas para a protección e manipulación da mercancía. Haberá de comunicar de inmediato al responsable del taller, o persoa que o efecto a empresa sinale, calquera anomalía que detecte no vehículo. Deberá cubrir os recorridos polos itinerarios que se fixen o, de no estar fixados, polos que sexan máis favorables para a correcta cumprimentación do servizo.

Quedarán automaticamente clasificados en esta categoría profesional, aínda que carezan de permiso de conducir da clase "C + E", os condutores que conduzan para unha mesma empresa durante máis de 6 meses, continuos ou alternos, algún dos vehículos os que se refire o apartado 16.6 do II Acordo Xeral para as Empresas de Transporte de Mercaderías por Estrada.

Conductor.- É o empregado que, aínda estando na posesión do carné de conducir da clase "C + E", contratase unicamente para conducir vehículos que requiran carné de clase inferior, sen necesidade de coñecementos mecánicos e ca obrigación de dirixir, si así se lle ordena, o acondicionamento da carga, participando activamente nesta e na descarga, sen exceder con elo da xornada ordinaria; é o responsable do vehículo e da mercadoría durante o viaxe, debendo cumprimentar, cando proceda, a documentación do vehículo e da do transporte realizado; lle corresponde realizar as labores complementarias necesarias para o correcto funcionamento, conservación e acondicionamento do vehículo, así como as que resulten precisas para a protección e manipulación da mercadoría. Haberá de comunicar de inmediato ó responsable de taller, ou persoa que o efecto a empresa sinale, calquera anomalía que detecte no vehículo. Deberá cubrir os recorridos polos itinerarios que se le fixen ou, de non estar fixados, polos que sexan máis favorables para a correcta cumprimentación do servizo.

Obrigacións específicas dos condutores, comúns as categorías profesionais.- Ademais das Xenerais de conductor, anteriormente enunciadas, que constitúen o traballo corrente, lles corresponden as que resulten dos usos e costumes e da natureza do servizo que realicen, debendo ter a formación requirida cando se trate de mercadorías perigosas. A título meramente indicativo se relacionan a continuación as seguintes:

Cando conduza vehículos-cisterna deberá realizar respecto do seu propio vehículo os seguintes cometidos:

- a) Inspeccionar o estado, limpeza e conservación das cisternas e seus accesorios, como tuberías, bocas de carga e descarga, válvulas, manómetros de presión, elevadores, calefactores, bombas de descarga e similares.
- b) Empalmar e desempalmar mangueras de carga e descarga, abrir e cerrar válvulas, controlar o enchido e vaciado, incluso subindo o alto das cisternas se elo fose necesario; e realizar a purga dos depósitos das cisternas antes de proceder a súa descarga, co fin de evitar a contaminación dos produtos nos tanques dos clientes.
- c) Controlar as presións e despresionar utilizando as caretas e demais elementos de seguridade que se le faciliten.
- d) Se as cisternas son de gases haberá de controlar presións e comprobar, unha vez efectuada a operación de carga e/ou descarga, a estanqueidad da valvulería da cisterna, así como si a cantidade cargada se corresponde cos pesos máximos autorizados.

Cando conduza vehículos frigoríficos deberá:

- a) Inspeccionar y vixiar o correcto funcionamento do equipo de produción de frío durante o transcurso do transporte.
- b) Dirixir a estiba da carga de forma que se asegure convenientemente a circulación de aire interior, cando proceda.
- c) Efectuar o preenfriamento da caixa do vehículo antes de iniciarse a carga, dacordo coas instrucións que se lle indiquen.

Cando conduza camións portavehículos deberá cargar e suxeitar os vehículos no camión, así como descargalos.

Cando conduza vehículos para transporte de áridos ou provistos de grúa ten a obrigaçión de realizar as operacións necesarias para a carga e descarga dos áridos e no manexo da grúa.

Cando conduza vehículos de empresas de mudanzas e gardamobles colaborará activamente nos traballos propios da mudanza o servizo que realice o vehículo que conduza.

Conductor-Repardidor de vehículos lixeiros.- É o empregado que, aún estando en posesión de carné de conducir da clase superior, se contrata para conducir vehículos lixeiros. Ha de actuar ca dilixencia exixible para a seguridade do vehículo e da mercadoría, correspondéndolle a realización das labores complementarias necesarias para o correcto funcionamento, mantemento, conservación e acondicionamento do vehículo e protección de éste e da carga, tendo obrigaçión de cargar e descargar seu vehículo e de recoller e repartir ou entregar a mercadoría. Haberá de comunicar de inmediato ao responsable do taller, ou persoa que ao efecto a empresa sinala, calquera anomalía que detecte no vehículo. Deberá realizar seus recorridos polos itinerarios que se lle fixen ou, de no estar fixados, polos que sexan máis favorables para a correcta cumprimentación do servizo.

Mozo especializado-carretilleiro.- É o traballador que, ademais das funcións asignadas a categoría de Axudante e/ou Mozo Especializado, realiza o manexo das carretillas elevadoras frontais, trilaterais e retráctiles.

O acceso a dita categoría requirirá acreditar, polo traballador, estar na posesión do carné de operador de carretillas expedido pola entidade acreditada, unha formación adecuada e suficiente, previa a utilización de ditas carretillas elevadoras, así como o manexo de estas como elemento cotidianos da xornada de traballo por un período superior a seis meses durante un ano ou a oito durante dous anos. Mentres non exista carné homologado se estará a o disposto na Disposición Transitoria Terceira do II Acordo Xeral.

Manexará os terminais de radiofrecuencia ou calquera outro medio técnico que, ca mesma finalidade, se utilicen nas empresas para a clasificación e manipulación da mercadoría e demais operacións.

Axudante ou Mozo Especializado.- É o que ten adquirida unha larga práctica na carga e a descarga de vehículos e movemento e clasificación de mercadorías, realizándoos con rapidez e aproveitamento de espazo e seguridade. Manexará os terminais de radiofrecuencia o calquera outro medio técnico que, ca mesma finalidade, se utilicen nas empresas para a clasificación e manipulación da mercadoría e demais operacións.

Cando forme parte da dotación dun vehículo axudará ó Conductor en tódalas incidencias que podan orixinarse durante o servizo e levará a documentación das mercadorías, encargándose da carga e descarga destas e da súa recollida ou entrega os clientes, debendo entregar o seu xefe inmediato, al término do servizo, a documentación debidamente cumprimentada. Deberá efectuar os traballos necesarios, axudando o Conductor, para o correcto acondicionamento do vehículo e protección das mercadorías.

Correspondelle, previa a preparación necesaria, o manexo dos aparatos elevadores, grúas e demais maquinaria para carga e descarga de vehículos en almacén ou axencia e movemento de mercadorías en estes, salvo a descrita para

o Mozo especializado-carretillero, excepto de forma esporádica e non cotidián; e decir, sempre que non se excedan os límites establecidos no Estatuto dos Traballadores para a reclamación da categoría superior, seis meses nun ano ou oito meses en dous anos, ca formación adecuada, en aplicación da mobilidade funcional de superior categoría.

Poderá encomendárselle que asuma a responsabilidade e o control das cargas e/ou descargas de vehículos.

ARTIGO 41º.- RÉXIME DICIPLINARIO.- Na procura de manter un ambiente laboral respetuoso coa normal convivencia, ordeación técnica e organización da empresa, a dirección desta poderá sancionar as accións ou omisións culpables dos traballadores que supoñan un incumprimento contractual dos seus deberes laborais de acordo coa graduación de faltas, procedemento e sancións previstas no Acordo Xeral para as Empresas de Transporte de Mercaderías por Estrada vixente en cada momento.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Única.- As partes asinantes comprométese a reunila Comisión Paritaria do Convenio para o caso de que se produza unha modificación na regulación dos tempos de conducción e descanso e que esta entre en vigor durante a vixencia do Convenio, elo con fin de analizar as modificacións que se produciran e a súa repercusión en materia de xornada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Única.- Aos efectos de evitar retrasos na publicación do Convenio no futuro, as partes asinantes comprométese a constituir a Comisión Negociadora do próximo Convenio entre o 1 e o 10 de Novembro de 2013.

TÁBOA SALARIAL 2011 CONVENIO TRANSPORTE MERCADORÍAS POR ESTRADA
Vixencia: 01/01/11 ó 31/12/11

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO		
	BASE	PLUS CONVENIO	RETRIBUC. ANUAL
GRUPO 1.- PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR			
Subgrupo A			
<i>Xefe de Servicio</i>	1.299,29	111,68	20.829,51
<i>Inspector pricipal</i>	1.159,43	111,68	18.731,61
Subgrupo B			
<i>Enxeñeiro e Licenciado</i>	1.153,74	111,68	18.646,26
<i>Enxeñeiro Técnico e Auxiliar Titulado</i>	965,89	111,68	15.828,51
<i>Axudante Técnico Sanitario</i>	896,88	111,68	14.793,36
GRUPO 2.- PERSOAL ADMINISTRATIVO			
<i>Xefe de Sección</i>	994,83	111,68	16.262,61
<i>Xefe de Negociado</i>	937,78	111,68	15.406,86
<i>Oficial de 1ª</i>	879,43	111,68	14.531,61
<i>Oficial de 2ª</i>	854,62	111,68	14.159,46
<i>Auxiliar Administrativo</i>	854,62	111,68	14.159,46
Sección 2ª.- Persoal de Axencias de Transporte			
<i>Encargado Xeral</i>	1.025,18	111,68	16.717,86
<i>Encargado de Almacén</i>	986,35	111,68	16.135,41
<i>Capataz</i>	947,53	111,68	15.553,11
<i>Auxiliar de Almacén e Báscula</i>	854,62	111,68	14.159,46
<i>Mozo Especializado (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
<i>Mozo Carga e Descarga e Reparto (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
Subgrupo B.- Transporte de Mercadorías			
<i>Xefe de Tráfico de 1ª</i>	1.025,18	111,68	16.717,86
<i>Xefe de Tráfico de 2ª</i>	986,35	111,68	16.135,41
<i>Xefe de Tráfico de 3ª</i>	947,53	111,68	15.553,11
<i>Conductor Mecánico (día)</i>	30,67	111,68	15.295,01
<i>Conductor (día)</i>	29,89	111,68	14.940,11
<i>Conductor-Repertidor (día)</i>	30,67	111,68	15.295,01
<i>Conductor Motocicleta e Furgoneta (día)</i>	29,02	111,68	14.544,26
<i>Axudante (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
<i>Mozo Especializado (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
<i>Mozo (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
Sección 1ª.- Grupo E: Garaxes e Aparcamentos			
<i>Encargado Xeral de 1ª</i>	1.025,18	111,68	16.717,86
<i>Encargado Xeral de 2ª</i>	986,36	111,68	16.135,56
<i>Encargado de Almacén</i>	947,53	111,68	15.553,11
<i>Engraxador-Lavacoches (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
<i>Garda Caixeiro (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76
<i>Garda de Noite e Día. Mozo (día)</i>	28,52	111,68	14.316,76

Sección 2ª.- Grupo F: Estacións de Lavado e Engrase

Encargado de 1ª	1.025,18	111,68	16.717,86
Encargado de 2ª	986,36	111,68	16.135,56
Engraxador. Mozo de Servicio (día)	26,16	111,68	13.242,96

Subgrupo F.- Transporte de Mobles, Mudanzas e Gardamobles

Xefe de Tráfico	1.025,18	111,68	16.717,86
Inspector Visitador	986,35	111,68	16.135,41
Encargado de almacén gardamobles. Capataz	947,53	111,68	15.553,11
Mozo Espacilizado (día)	28,70	111,68	14.398,66
Mozo (día)	28,52	111,68	14.316,76
Carpinteiro (día)	29,58	111,68	14.799,06
Conductor Mecánico (día)	30,67	111,68	15.295,01
Conductor (día)	29,87	111,68	14.931,01
Conductor Furgoneta e Motocicleta (día)	29,02	111,68	14.544,26
Capitonista (día)	28,76	111,68	14.425,96

GRUPO 4.- PERSOAL DE TALLERES

Xefe de Taller	1.063,17	111,68	17.287,71
Encargado ou Contramestre	951,85	111,68	15.617,91
Encargado Xeral	918,79	111,68	15.122,01
Encargado de Almacén	883,80	111,68	14.597,16
Xefe de Equipo (día)	31,09	111,68	15.486,11
Oficial de 1ª (día)	30,30	111,68	15.126,66
Oficial de 2ª (día)	29,02	111,68	14.544,26
Oficial de 3ª. Mozo de Taller (día)	28,52	111,68	14.316,76

GRUPO 5.- PERSOAL DE GRÚAS

Conductor Mecánico (día)	39,79	111,68	19.444,61
Conductor Gruísta (día)	36,62	111,68	18.002,26
Operador de Grúa (día)	33,46	111,68	16.564,46

PERSOAL SUBALTERNO

Cobrador de Facturas, Telefonista, Porteiro e Vixiante	866,57	111,68	14.338,71
Limpadora (por horas)	11,40	111,68	6.527,16

R. 3784

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 28 de xullo de 2011, sobre nomeamento de persoal eventual que textualmente di o seguinte:

*“Resultando que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2011, aprobou a proposta da Presidencia sobre determinación do Cadro de Persoal Eventual da Entidade, conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local e 205 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto Básico do Empregado Público. Vista a proposta que consta no expediente; e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Presidencia **RESOLVE**:*

Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado adscrito a Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade, para prestar as súas funcións ao Vicepresidente 1º don Antonio Veiga Outeiro, a don Diego Elías García Puente, como administrativo, con efectividade do día 28 de xullo de 2011.

O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento”.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, vinte e nove de xullo de dous mil once. O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3819

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

Nº 72 P.O.S. 2011 BARALLA- BECERREA- BALEIRA- NAVIA DE SUARNA- FONSAGRADA.- Acdtº de la LU-P-0708 De Cereixal a Louxas, p.k. 19,000 al 26,500.

Nº 73 P.O.S. 2011 NAVIA DE SUARNA.- Acdtº de la LU- P-3508 De Rao por Murias a Valouta, p.k. 0-7,419.

Nº 74 P.O.S. 2011 SARRIA.- Acdtº LU-P- 5703 De Meson de Alvaredos a San Martín de Loureiro, p.k. 0- 5+075.

Nº 75 P.O.S. 2011 VIVEIRO- OUROL.- Acdtº LU-P- 6602 De Ruanota por Sixto a Muras, p.k. 0-5,150.

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 29 de xullo de 2011. O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3820

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 19/11, de modificación de créditos; suplemento de crédito con modificación do anexo de inversións.

Os interesados lexitimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 22 de xullo de 2011.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 3822

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

POSTO DE TRABALLO: Auxiliar de Axuda a Domicilio.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

REQUISITOS: Posesión do carné de conducir B e dispoñibilidade de vehículo.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso- Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello de Cervantes.

En Cervantes, a 29 de xullo de 2011.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3862

CERVO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobada a modificación da base 27ª das da execución do orzamento para o exercicio 2011 en materia de indemnizacións por razón do servizo dos membros da Corporación, por acordo do Pleno da Corporación de 30 de xuño de 2011, elevado automaticamente a definitivo ó non terse presentado reclamacións e, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o citado acordo:

“O artigo 75.4 da LRBRLL sinala que teñen dereito a percibir indemnizacións polos gastos correspondentes a dietas por manutención, aloxamento e transporte con motivo de comisións de servizo, desprazamento fóra do termo municipal efectuados por razón do cargo e outros que correspondan a idéntica motivación sempre que sexan debidamente autorizados e sexan xustificados documentalmente, tódolos membros da Corporación, incluídos o que desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Os correspondentes gastos serán aboados de conformidade coas disposicións contidas no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre Indemnizacións por Razón do Servizo; así como as modificacións que poida sufrir, asimilando ó Alcalde e aos Concelleiros ó Grupo Primeiro a que se refire o Real Decreto citado.”

Cervo, 28 de xullo de 2011.- O ALCALDE, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3823

Anuncio

Quedando definitivamente aprobada a modificación da plantilla do Concello de Cervo para o exercicio 2011 coa creación dunha praza de persoal eventual, por acordo do Pleno da Corporación de 30 de xuño de 2011, elevado automaticamente a definitivo ó non terse presentado reclamacións e, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o citado acordo:

“1.- A creación do seguinte posto de persoal:

a) Denominación: "Persoal eventual de apoio ás políticas sociais".

b) Características: Atribúenselle as tarefas de deseño de políticas públicas e asistencia técnica á Alcaldía en materia de servizos sociais, labores de comunicación externa así como calquera outra correspondente a súa categoría e propia da unidade correspondente.

c) Retribucións: 15.750€ brutos anuais e 5.158,13€ de Seguridade Social.

d) Adicación: Exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

2.- Modificar a plantilla de persoal do exercicio 2011, no senso de crear unha praza de persoal eventual coas seguintes características:

* Denominación do posto: Persoal eventual de apoio ás políticas sociais.

* Retribucións: 15.750€ brutos anuais e 5.158,13€ de Seguridade Social.”

Cervo, 28 de xullo de 2011.- O ALCALDE, Alfonso Villares Bermúdez

R. 3824

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o día 13-7-11, aprobou inicialmente o proxecto de “Obras ordinarias y complementarias para cruce de servizo de alumbrado y telecomunicaciones en la ronda de las Mercedes”, redactado polo enxeñeiro de camiños don Salvador García Cebral e solicitado por “PROTESE S.L.” Conforme ó previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de VINTE DÍAS durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda da Muralla, nº 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 22 de xullo de 2011.- O ALCALDE, P.D. A Tenente-Alcalde Delegada da Área de Infraestructuras, (Decreto da Alcaldía nº 70/2011), Paz Abreira Sobrado.

R. 3829

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***CONTRATO DE OBRAS DE REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

ENTIDADE QUE ADXUDICA

Organismo: Concello de Monforte de Lemos*Dependencia:* Secretaría - Contratación

OBJECTO DO CONTRATO

Descripción: Obras de Reforma da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos

TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Tramitación: urgente*Procedemento:* aberto

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

799.999,99 euros IVE incluído

FORMALIZACIÓN

Data de adxudicación: 19-05-2011*Contratista:* UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL Y POZANCA SL*Nacionalidade:* española*Presuposto de adxudicación:* 783.199,99euros IVE incluído*Data de formalización do contrato:* 14-06-2011

R. 3787

OUROL*Anuncio***DECRETO Nº 172/2011**

DON MARCIAL SANJURJO FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DEL CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

Aoabeiro do establecido no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de Organización, funcionamento e réximexurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, auséntomedeste termo municipal por razónspersoais, e para que podan ser exercidas as competencias desta Alcaldía nos termos da lexislaciónvixente, comprendendo tanto a facultade de dirixir os servizoscorrespondentes como a de xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecte a terceiros, resolvo expresamente a miña substitución no primeiroteneante de alcalde don José Ramón Vázquez Bouza dende o día 30 de xullo de 2011 ata o día 22 de agosto de 2011, ambos inclusive.

Comuníquese ó interesado e publíquese no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Mando e asino en Oourol avintesete de xullo de dous mil once. O Alcalde

R. 3806

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de maio de 2011 o padrón da taxa de basura correspondente ao 2º trimestre de 2011, así como o padrón do 3º trimestre de 2011, aprobado en sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2011, a efectos tanto da súa notificación colectiva, nos termos que se deducen do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, como da sumisión dos mesmos a trámite de información pública, por medio do presente anuncio, expoñense ao público na Secretaria do Concello de Oourol, e no tablón municipal, polo prazo de quince días hábiles, a fin de queenes se estimen interesados poidan formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións, por convintes, teñan.

Contra o acto de aprobación dos citados padróns e/ouliquidacións contidas nos mesmos poderá interponerse recurso previo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao do remate do prazo de exposición pública, de acordó con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Oourol, 27 de xullo de 2011.- O Alcalde, Marcial Sanjurjo Fernández

R. 3807

PARADELA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 13/2011, PRIMEIRO DE COMPETENCIA DE PLENO E PRIMEIRO NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO**

Aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2011, o expediente de modificación de créditos nº 13/2011, primeiro de competencia de Pleno e primeiro na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 179 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

En Paradela, a 29 de xullo de 2011.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz

R. 3831

A PASTORIZA*Anuncio*

O Pleno desta Corporación aprobou o expediente de modificación de créditos núm. 1/2011, dentro do orzamento municipal do exercicio 2011, por un importe de cento setenta mil euros (170.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co artigo 169, ambos do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse o expediente ao público na Secretaría deste Concello e polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no *Boletín Oficial da Provincia*. Durante o dito prazo poderán formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán dirixirse ao Sr. alcalde-presidente deste Concello.

A Pastoriza, 26 de xullo de 2011.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3832

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Faise público que por Resolución da Alcaldía desta data foron delegadas, por ausencia do termo municipal de Ribas de Sil do Alcalde-Presidente, as funcións da Alcaldía no Primeiro Tenente Alcalde Don Roberto Castro González durante os días 28 de xullo a 1 de agosto de 2011 ambos dous inclusive.

Ribas de Sil, 27 de xullo de 2011.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega

R. 3833

SOBER*Anuncio*

Formada e rendida a conta xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2010, e informada pola Comisión Especial de Contas e Facenda con data de 22 de xullo de 2011, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade por espazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e nos 8 días seguintes, todo elo de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Sober, a 26 de xullo de 2011.- O Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián

El Pleno del Ayuntamiento de Sober, en sesión ordinaria celebrada el día 22 de julio de 2011, acordó la aprobación inicial de la " Ordenanza reguladora de apertura de establecimientos para el ejercicio de actividades no sometidas a evaluación de incidencia ambiental", y en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 49 y 70.2

de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y en el artículo 56 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, a contar desde el día siguiente a la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que pueda ser examinado y se presenten las reclamaciones que estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho Acuerdo.

En Sober, a 26 de julio de 2011.- El Alcalde, Luis Fernández Guitián

R. 3809

XERMADE

Anuncio

Tramitándose por este Concello, expediente de BAIXA DE OFICIO, por inscripción indebida no Padrón de Habitantes, cumprindo o disposto no artigo 72 do Regulamento de Poboación, por figurar empadroado incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Regulamento, e unha vez comprobada esta circunstancia no correspondente expediente, sométese a información pública polo termo de dez días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo, -que comezará a contarse dende o día seguinte á inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- as persoas que se relacionan a continuación, podan examina-lo expediente, e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

INTERESADOS

ÚLTIMO ENDEREZO COÑECIDO

Fernando Roberto Jato Fernández
José Antonio Rodríguez Bernardo

A Casanova-Roupar
O Campo, Momán

Xermade, 21 de xullo de 2011.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias

R. 3790

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AGUAS

Anuncio

Expediente: A/27/10731

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, de fecha 5 de julio de 2011 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de Agua Fonte das Cerdeiras, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,085 l/seg. de agua procedente del manantial Fonte das Cerdeiras sito en la margen izquierda del camino de Combraos, parroquia de Santa Eulalia de Cuiña, T.M. de Lugo, con destino a usos domésticos y ganaderos.

Lugo, EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 3841

SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO S.A.

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS COORDINADORES DE ACTIVIDADES COMO PERSOAL TEMPORAL.

1. OBXECTO

As presentes Bases teñen por obxecto establecer o procedemento que rexerá a selección de dous coordinadores de actividades que prestará os seus servizos, para esta Sociedade, con carácter temporal, por prazo máximo de un ano na "Escola de Piragüismo" dependente da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo e xestionada pola Sociedade Urbanística provincial de Lugo, S.A, en virtude da encomenda de xestión feita pola Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo.

2. CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

Desempeñarán as funcións propias, no eido do mellor funcionamento das actividades que se desenvolvan desde a Delegación de Deportes da Deputación Provincial de Lugo e no ámbito da encomenda de xestión da Vicepresidencia Primeira na Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., e as tarefas administrativas e de bon funcionamento das instalacións deportivas que lle ordenen dentro do nivel da praza.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos, una vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite a resolución de nomeamento a favor dos aspirantes que sexan seleccionados.

- a) Ser español ou nacido na UE.
Os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións cos españois a aqueles sectores sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade.
- c) Será necesario estar en posesión do título de BAC, ciclo superior de FP ou título equivalente, así coma capacitación para a supervisión técnica da instalación e aledaños, para a coordinación administrativa e control de funcionamento da instalación así como a capacidade de organización e dinamización de grupos humanos e ter permiso de conducir B.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalía en igualdade de condicións cos demais aspirantes.
- e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que de termine a lexislación vixente.

4. SOLICITUDES

4.1 FORMA

Aqueles que desexen formar parte no proceso selectivo deberán facelo constar en instancia axustado ó modelo que figura no anexo I desta convocatoria na que se manifesta que o aspirante reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nestas bases, irá dirixida ó Sr. Presidente de SUPLUSA e acompañarase inexcusablemente de fotocopia compulsada do DNI e fotocopia compulsada dos títulos e documentos que permitan o acceso ó posto de traballo.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido a efectos de notificación, sendo responsabilidade única dos aspirantes tanto os erros na súa consignación coma na comunicación de calquera cambio nel.

4.2 PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será do día 1 de setembro de 2011 ó día 6 de setembro de 2011, ambos incluídos.

4.3 LUGAR

As solicitudes presentaranse no Rexistro da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A, con domicilio en Praza de Santo Domingo, número 6-8, 5ºB, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

4.4. ERROS NAS SOLICITUDES

Os erros de feito que puideran advertirse poderán corrixirse en calquera momento, de oficio ou por instancia do interesado.

No obstante, a presentación de instancias fora do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo.

4.5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Sociedad ditará resolución, no prazo máximo de dez días, declarando aprobada a lista de admitidos, así como a data de realización da primeira proba de selección. A resolución publicarase no tablón de anuncios da Sociedade Urbanística con indicación das causas de exclusión, se as houbera.

O prazo de emendar os defectos que se concede ós aspirantes excluídos será de tres días hábiles a partir do seguinte á publicación da citada Resolución.

Resultas as reclamacións publicarase, no tablón de anuncios da Sociedade, a lista definitiva. Será definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou estas non foran suficientes para a súa consideración.

A resolución do Presidente conterá a citación dos aspirantes para a realización do primeiro exercicio das probas de selección.

5. DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

5.1. COMPOSICIÓN

O Órgano de Selección estará composto por:

Presidente: O Director Xerente da Sociedad: Ramón Arias Roca; suplente, Eduardo Yepes Paz.

Secretario: O Secretario da Sociedad: Francisco Javier Giménez Miralles; suplente, Manuel Castiñeira Castiñeira.

Vogais:

- Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo; suplente, Fernando Planas Roca
- Rosa Abelleira Fernández, Interventora da Sociedad; suplente, Mónica Giménez López.
- José Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Sociedad; suplente, Miguel Rodríguez Aldariz.
- Mercedes Lamela López, técnico de actividades socio culturais da Deputación Provincial de Lugo; suplente, Avelina Carballido Sánchez.
-

Os membros do Órgano de Selección terán todos voz e voto.

5.2. ACTUACIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

O Órgano de Selección resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo no que non esté previsto nestas Bases.

O Presidente poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores naquelas probas que demanden a opinión de técnicos especialistas.

6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos dos seus dereitos os aspirantes que non comparezan a realizalo, excepto casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Órgano de Selección.

O procedemento constará dos seguintes exercicios:

6.1. PRIMEIRO EXERCICIO

Consistirá nun exame tipo test de cincuenta preguntas con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, relacionadas co traballo deportivo e administrativo.

Para a realización desta proba os aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas e media.

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 50 sendo necesario acadar unha puntuación de 25 puntos para superala e pasar o seguinte exercicio.

6.2. SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá nun exercicio escrito sobre un suposto práctico, prantexado polo Órgano de Selección relacionado co traballo deportivo e administrativo que o seleccionado terá que desenvolver no seu traballo, o seleccionado, a realizar nun tempo máximo de dúas horas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 50, sendo necesario acadar unha puntuación de 25 puntos para superalo.

No mesmo día e posterior a realizar o suposto práctico farase a tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán, obrigatorio e non eliminatorio, que se calificará de 0 a 50 puntos.

7. CALIFICACIÓN

A calificación final obterase sumando a puntuación dos exercicios do proceso selectivo.

No caso de empate a orde establecerase atendendo a máis alta puntuación obtida no primeiro exercicio.

8. LISTA DE SELECCIONADOS, PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN, PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN

Rematada a calificación, o Órgano de Selección expoñerá a relación de persoas seleccionadas, por orde de puntuación.

A proposta de contratación será comunicada ós aspirantes propostos ca indicación de que dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte o da recepción da comunicación, de ser declarados seleccionados, para presentar a documentación que sinala a base seguinte.

9. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os aspirantes seleccionados, dentro do prazo de tres días hábiles, a partir do día seguinte da recepción da comunicación de ter superado o procedemento selectivo, presentarán no Rexistro Xeral de SUPLUSA:

-Certificado Médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

-Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria na que o seleccionado figure como titular.

10. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Á vista da proposta formulada Órgano de Selección , comprobado que os aspirantes incluídos na citada relación de seleccionados presentaron a documentación xustificativa dos requisitos sinalados, e ditada resolución pola Presidencia, formalizarase o contrato de traballo.

Lugo, 28 de xullo de 2011.- Presidente de SUPLUSA, José Ramón Gómez Besteiro.
Secretario de SUPLUSA, Javier Giménez Miralles

ANEXO I (INSTANCIA)**DATOS DA PRAZA****DENOMINACION:.....****DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:.....****DATOS PERSONAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TLF	
DOMICILIO	MUNICIPIO E PROVINCIA	CODIGO POSTAL

EXPOÑO:**Que reúno os requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:****SOLICITO:****Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.****Lugo, a.....de.....de.....****(Asinado)****SR. PRESIDENTE DA SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO S.A**

